



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Porto do Son ao norte e Ribeira ao sur. Parroquias: San Pedro de Muro en Porto do Son e Santa María de Corrubedo en Ribeira. Extensión: 7,44km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa recortada na que alternan os saíntes rochosos vinculados con materiais graníticos, e dúas amplas enseadas asentadas sobre áreas de deposición detríticas nas que respectivamente se localizan as praias de Recabeira e Balleiros, de norte a sur. A disposición destes accidentes costeiros vén determinada pola dirección das liñas de fractura, de Noroeste a Suroeste, destacando o Cabo Corrubedo no extremo suroeste. Cara ao interior, a chaira costeira é ampla, e máis baixa canto máis ao norte, presentando o seu límite no bordo nororiental da unidade debido á presenza das estribacións da Serra do Barbanza. Inclúe os EIX Coidos de Corrubedo e Laxe Brava e Lagoas de Xuño e Muro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio absoluto do Hercínico cun granito de dous micas de gran medio con megacristais. Pero adquire importancia a cobertura sedimentaria do Cuaternario, pois existen varios depósitos importantes de praia e duna, e unha área aluvial tras a praia de Recabeira, na desembocadura do Rego do Espiñeirido.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A costa de Corrubedo pertence ao dominio climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No alto do Monte Taúme supéranse os 1400mm de precipitacións, alcanzando máximos de 1600mm, o que define a variante Moi Húmida do ambiente climático que caracteriza á unidade.

OS SOLOS

Na franxa costeira hai que destacar os arenosos albos e háplicos asociados aos depósitos sedimentarios das praias de Recabeira e Barreiras e os leptosols líticos e regosols en cantís e áreas próximas moi erosionadas. A chaira está formada por cambisols dístricos, mentres que nas elevacións próximas (montes Facho e Taúme) aflora o substrato rochoso en superficie desenvolvéndose chans esqueléticos e pobres do tipo leptosol lítico.


AS AUGAS

Hidrologicamente, o Cabo Corrubedo pode diferenciarse en dous sectores: o setentrional presenta unha chaira costeira que dá pé ao desenvolvemento dunha curta rede de drenaxe e que culmina coa desembocadura do arroyo de Espiñeirido na praia de Recabeira; e o meridional, no que a preeminencia da costa acantilada deixa pouco lugar ao desenvolvemento da rede hídrica, á marxe de pequenos arroyos con carácter temporal. Toda a unidade atópase vinculada á masa de Augas Costeiras do Cabo Corrubedo (20172).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence á IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Do extremo Norte á Punta do Francés, protección do LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Os cantís amosan o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e, en especial, o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Nas dunas das praias de Seráns, Recabeira e Barreiras, hábitats do grupo 21, dunas mariñetas atlánticas, e potencialmente o 2230, céspedes de Malcolmietalia. Existe cita do taxón vulnerable *Omphalodes litoralis* subsp. *gallaecica*. Pequenos rodais alargados de especies ripícolas (91E0) nas Brañas de Seráns, Orellana e o Rego de Espiñeirido. Pequenas agrupacións de frondosas de recolonización nos cultivos próximos a Seráns, Ribeira e O Espiñeirido. Os alveolos e suaves sucros dos arroyos presentan tamén zonas con prados hidromorfos ou higrófilos. Na chaira máis costeira aparecen matogueiras secas dos hábitats 4030 e 4040. Nos afloramentos da plana costeira existe ambiente rochoso con vexetación casmofítica (grupo 82).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na península da zona sur da unidade predominan as formacións vexetais costeiras, ao sueste sitúase o núcleo mariñeiro de Corrubedo cun pequeno porto pesqueiro e outros núcleos periféricos. Existe un armazón de parcelas agrícolas que rodean a estes asentamentos. As praias do litoral dotan a esta unidade xunto co núcleo tradicional de Corrubedo dun alto valor turístico. Na zona norte, desde a franxa costeira do areal de Espiñeirido, o parcelario aproxímase máis á fachada costeira e existen varios asentamentos espontáneos de uso residencial. A estrada separa estes núcleos e o parcelario existente da masa forestal situada ao oeste en cotas máis elevadas. Entre as praias de Espiñeirido e Suasbrañas sitúase unha piscifactoría e na periferia do núcleo urbano de Corrubedo hai unha nave dedicada ao uso industrial.

MORFOLOXÍA

O núcleo de Corrubedo mantén o seu xenuíno carácter e perfil mariñeiro (NIL) do mesmo xeito que os núcleos da Pedra do Piñeiro e As Pitas, situados nas proximidades. Non hai continuidade na trama nin nas tipoloxías dos recentes crecementsos urbanísticos. Ao longo da estrada AC-7103 sitúanse tres pequenos núcleos de carácter rural: Teira, Espiñeirido e Seráns, tamén NIL, e finalmente a masa forestal de repoboación sitúase ao nordeste.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede principal confórmaa a estrada AC-303 que atravesa o núcleo de Corrubedo da que parten outras dúas estradas, a AC-7103 que comunica os núcleos rurais situados na periferia nordeste da unidade e unha pista que conduce ao faro de Corrubedo de trazado totalmente rectilíneo. Desde as dúas anteriores ramifícanse outros viarios que transcorren perpendicularmente á costa. O parcelario agrícola estrutúrase a través da rede de camiños rurais existentes.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio cultural destacan algunhas vivendas e construcións singulares: algunhas casas, e un cruceiro e un pombal no núcleo de Seráns, entre a arquitectura relixiosa sobreesae o santuario de San Bleito e fonte da Capela, tamén en Seráns. En Corrubedo é salientable o cemiterio, o cruceiro e a igrexa parroquial de Santa María. É na zona de Corrubedo onde aparecen antigas fábricas salgadeiras que reflexan o vencellamento coa industria mariña predominante nesta comarca. Como patrimonio arqueolóxico no Monte do Facho destaca a existencia dun castro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe aplanada na que coexisten de forma equilibrada as parcelas de uso agrícola con formacións vexetais costeiras. A pegada márcia o núcleo de Corrubedo asentado sobre unha península e resgardado entre a punta de Praxe e a enseada de Corrubedo. Unido ao carácter de pobo de tradición mariñeira, o gran areal de Espiñeirido e a praia de Portiños ou Baleeiros confire un alto valor engadido á unidade. O resto dos asentamentos repártense en pequenos núcleos e outros de carácter espontáneo nas marxes da unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Abandono do uso agrícola a favor dun maior desenvolvemento urbanístico, ao abrigo do núcleo de Corrubedo e mellora xeral da rede viaria que se aprecia na zona norte co novo trazado da estrada AC-7103 e os accesos á costa que parten desde aquel.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Destacan os dous grandes areais de Espiñeirido e Portiños ou Baleeiros entre os promontorios de Cabo Corrubedo e a Punta do Corgo, que en conxunción co núcleo tradicional de Corrubedo confiren un alto valor engadido ao sector turístico da zona. O relevo suave da unidade permite unha panorámica ampla entre os extremos da mesma e a contorna do parque natural de Corrubedo. A configuración fisiográfica da unidade permite a visión de magníficas panorámicas aproveitando os altos do Monte do Facho e do Monte Taume, así como nos promontorios do cabo de Corrubedo e o Outeiro da Mina. Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Do extremo norte á Punta do Francés esténdese o LIC "Complejo Húmido de Corrubedo". Tamén está incluída dentro da protección de Espazos de Interés Xeomorfolóxico, na Rede de espazos naturais europea Rede Natura 2000 e a Rede Galega de Espazos Naturais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



